CADERNOS
A NOSA TERRA
DE PENSAMENTO E CULTURA
Nº 9 - NOVEMBRO 1990
150 PTA.



# PANTALLA PRÓPRIA

## O Cine das Nacións

P
IT

**Nunca deixei cine por política nen ao contrário deixo agora a política por facer cinema**




BARCELÓ

É unha sorte de arquetipo de decisión cinéfila e militante a premer tanto no cotián político como na experimentalidade creativa, cecais a maneira única de defensa fronte tanto devalo de figurino intelectual para a norma, cando a norma xa se chama comfort. É unha liña longuícua, desde os primórdios do que aínda se nomea "Escola de Barcelona", co comén na produción de *Los Golfos* (Saura), no 59; que ancora, no 76, coa realización do documento político *Informe General*; que retorna, no 90, con *Pont de Varsovia*.

# PERE PORTABELLA, O LUGAR DO CINE

■ **MARGARITA LEDO ANDIÓN**

**Hai como un certo mito de grupo no seu cinema, sempre cos mesmos nomes arredor, hai como un certo tique de solidariedade criativa.**

Pero non é un grupo, tal e como adoita se entender o que foron os grupos, por exemplo, El Paso. Comecei facendo eu próprio esquemas do que é o guión, de xeito artesanal, e desbotando a idea do coguionista clásico. Por iso procurei xente interesada no cinema pero que viñese doutras disciplinas. Asi comeza a miña colaboración con Brossa. Facemos *No compteu amb els dits* —é o 67— e facemos *Nocturn 29*, un ano despois. É verdade que nelas xa aparece, como pianista, Carles Santos e en diante traballaremos sempre xuntos. El é un músico con grande senso do visual e eu, pola contra, a pesares de que a miña formación é visual, teño un modo, no ritmo máis musical ca literário.

**Logo ven *Vàmpir*, o luxo de recodificar estereotipos, materia de xénero de rodar unha película sobre unha película.**

Fora unha idea do Brossa e miña, a banda é orixinal de Santos. O uso de material de xénero ten senso a partires do clásico do terror por excelência: o Drácula de Bram Stocker e o actor que máis veces o representou no cinema, Christopher Lee. Eu tiña as duas cousas a man e cheguei a un acordo coa produtora de xeito que mentres eles rodaban unha película eu rodaba, simultáneamente, *Cuadecuc-Vámpir*, que é unha reflexión sobre o cinema. E dunha película a cores eu rodei en branco e preto para eliminar todo o efecto do sangue porque o ensaio consistia en facela devir do terror ao fantástico. E fixen un filme —fágoo praticamente só— do cinema fantástico, máis na tradición dos Dreyer...

**E o fío continúase en *Umbracle*, onde Lee é actor seu. Brossa no guión, Carles Santos na banda sonora. Os filmes seus exíbense en Cannes, no National Film Theatre de Londres, o MOMA adequire o *Vàmpir*. Ata o 76, en que incorpora un outro escritor, Octavi Pellisca e fai *Informe General*.**

É o último que fago, unha crónica, ainda nun momento de ilegalidade, na que os protagonistas falan entre eles sobor o tránsito, o futuro, a creba que non se producira, o devalo imprevisto dos acontecementos, as posíbeis eleicións...

**E agora deixa a política para voltar ao cine.**

Nunca deixei cine por política nen ao contrário deixo agora a política por facer cinema. Deixei de facer cine na primeira etapa da transición porque a miña adicación política foi no de cheo —do 77 ao 84 fun primeiro diputado ao Parlament, como independente, pola coalición *Entessa dels Catalans* e despois, nomeado polo Parlament de

Catalunya, fun Senador— e cando deixei de ser parlamentário recuperei tempo para o cinema, pero sigo a ser dirixente de *Iniciativa per Catalunya.*

**Recupera tempo, fai *Pont de Varsovia* e tenta artellar a partires de *Film 59* un soporte empresarial estábel. Cecais esta sua preocupación polo proceso xeral de produción identifica a sua paixón polo cinema.**

No 59 a criación da produtora fora persoal, para facer un cinema que dera resposta cultural á cinematografía oficial, e coa produtra fixen a primeira película de Saura, *Los Golfos*, a primeira do Ferreri, *El Cochecito,* e a primeira de Buñuel, ao voltar, *Viridiana.* E agora, aos vintenove anos de *Viridiana,* para facer cine temos que pensar que acó non hai unha infraestrutura financeira estábel porque non temos mercado e as películas, tanto as que se fan sob critérios comerciais como as de autor, precisan da intervención, pero non só. Porque a distribución e a exibición tornouse cáseque imposíbel ao estaren controladas polas redes do cinema de importación —hai films que levan anos sen estrear, eu son un dos afortunados que despois dun ano de comezar a rodar puiden ter sala— e a función da administración seria o de propiciar un ámeto non para decidir qué tipo de cinema facer senón para criar as condicións que fagan posíbel a existéncia dun produto que non ten mercado e que é deficitário. Si, houbo a experiéncia do Decreto Miró, que puxou desta idea; despois houbo a picaresca, o abuso do Decreto; agora téntase topar unha fórmula racional. Pero a realidade é que hai menos cinemas e a xente non sae da casa porque ten, a feixes, ofertas na TV.

**E a TV dános cinema e orientará a fabricación dun tipo de cinema...**

Na Italia, con 30 cadeas, hai unha oferta diária de 50 filmes. Acó, nos últimos tres días, houbo programadas 41 películas. Claro, e se ti non tés os direitos de antena vendidos tampouco podes producir cinema. A paradoxa, nesto do soporte TV, é que a TV necesita películas como o ar que respira, tén que producir películas porque as franxas meirandes de audiéncia están por entre as películas. Agora o problema é: Fai falta a Administración, é imprescindíbel a TV e, a partir de aqui, pódese investir desde unha produtora privada.

**En *Pont de Varsovia,* case na conclusión dos diferentes modos de entender a criación, duas das personaxes —o músico e máis o escritor— discuten e un deles di que a literatura ten que ser un risco a morte.**

Non di a morte, di que xogas a vida

**Si, si... é a personaxe que despois morre, ainda que accidentalmente na película.**

Todos os autores que funcionan son os que puxeron a vida no que fixe-




Castelo de Santa Cruz na illa do seu mesmo nome. Adquirido polo concello e aberto ao público.

CONCELLO DE OLEIROS

O PATRIMONIO É DE TODOS

O Plan Xeral de Ordenación fíxoo posíbel e a sua xestión polo Concello permite o seu resgate para o disfrute de todos os cidadáns

ron —e para min un autor diferénciase doutro en que sempre está a facer a mesma película, o mesmo libro, o mesmo cadro. Viches algunha película coma *Pont de Varsovia*?

**A min gustoume muito *Pont de Varsovia*, a foto, a preséncia da cámara, o paladeo sobre Barcelona.**

Todo o arranque do film é para dicer que está feita en Barcelona, cunha selección de espácios subxectiva, non se ve nengun edificio tópico... e cando fago *Pont de Varsovia*, amais de querer que funcione comercialmente, xógoma. Se non corres o risco non hai criación e coido que é importante para un autor non ter modelos. A miña sensibilidade é moi aberta, os meus referentes son moi interdisciplinários.

**As formas da linguaxe son múltiples en *Pont de Varsovia***

Hai diferentes tratamentos, utilizo técnicas clásicas pero en función da linguaxe que quero, se lembras a sala de profesores, lembra a cámara, un só plano de *travelling*, que se move buscando aos actores; ao contrário, na secuéncia das escadas, que é coma un mecano, con técnica de comédia a cámara vai en espiral, contrária aos actores; ou o comén, a secuéncia das garavatas, cun arranque convencional: plano/contraplano, igual que a sala de xuntas, ainda que aí ven o primeiro aviso, cando o tio olla pola xanela e o edifício do Hivernacle se ilumina; ou cando Santos vai pola rua, sube a tarima e se pon a dirixir: eis outro sinal de realismo máxico, do que eu gosto muito. E ao chegar ao esteiro do Ebro a película cámbia a unha secuéncia contida, de plano longo...

**Na película ironízase sobor da impostura cultural, tan ao dia, construída sobre tópicos e mesmo sobre o critério do éxito.**

É a parte satírica. Pero o cerne é a parte crítica, a reflexión sobre a figura do intelectual. Porque todos levamos connosco Pontes de Varsóvia, a xeración intelectual na que me incluo ten que derrubar moitas Pontes de Varsóvia —é a miña imaxe—, "sempre estas ancorado na tua Ponte de Varsóvia de merda" dinse o músico e o escritor, como fender o de denantes para que as cousas vaian doutro xeito? En fin, procurar que os teus compromisos de consciéncia non se alonxen de máis da tua atitude na sociedade é o problema de calquer persoa, chegar á política de compromiso sen crebar o cordón umbilical cos teus presupostos ideolóxicos, non renunciar a certa utopía dos sesenta —cando eran verdade vangardas artísticas, ou Sartre, ou o Che— a pesares de ter sido engulidas por un grande macro-sistema... que non se xustifique, no nome do pragmatismo renúncia aos presupostos ideolóxicos. A esquerda ten de recuperar o peso das palabras, recuperar a linguaxe para expresar a realidade —do pensamento ou dos acontecimentos— e non para encobrer a realidade. ■

Administrar para beneficio das maiorias é facer história

CONCELLO DE CORCUBIÓN

NOS

Centro especializado en:

- Selectividade Universitária
- Acceso Universidade para maiores de 25 anos
- Probas U.N.E.D

MEMBRO DE

ASOCIACION ACADEMIAS PRIVADAS DE PONTEVEDRA

CENTRO DE ESTUDOS NÓS

Urzaiz, 182 - Entrechán- Tfno.: 27 43 73 - Vigo